

## **POSICIONAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE DE MEDICINA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN RELACIÓN CO ACORDO DE DESCENTRALIZACIÓN DA DOCENCIA DE MEDICINA**

A Xunta de Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela quere manifestar, con serenidade e firmeza, o seu compromiso coa formación médica de calidade, a investigación biomédica de excelencia e a mellora continua do noso sistema sanitario. Somos unha institución que leva máis de tres séculos ao servizo de Galicia, de España e do mundo, formando xeracións de médicos e médicas que hoxe exercen nos cinco continentes.

Guíanos principios fundamentais como son: a defensa da calidade docente, a evidencia científica, o respecto ao sistema universitario galego, e a racionalidade no uso dos recursos públicos. Estamos e seguiremos estando abertos á mellora, ao diálogo e á colaboración con todos os actores institucionais, sanitarios e universitarios, sempre tendo en conta que o estudantado de medicina é a nosa razón de ser, e ofrecer a mellor formación posible o noso obxectivo fundamental.

Ante o acordo asinado pola Comisión de Docencia Clínica, a Xunta de Facultade de Medicina da USC quere expresar o seguinte:

1. Galicia conta cunha Facultade de Medicina pública plenamente acreditada, avaliada, cunha das notas de acceso máis altas do Estado, unha traxectoria centenaria, e un contorno docente, asistencial e investigador excelente, de acordo cos marcadores cuantitativos e cualitativos máis esixentes. Os resultados da aprendizaxe da titulación superaron con excelencia a avaliación por comités externos independentes e proba da excelente formación que damos é a posición á que chegan as nosas tituladas e titulados
2. Respaldamos, como non pode ser doutro xeito, toda iniciativa que reforce a formación médica en Galicia, sempre que se faga con criterios de calidade e coa planificación axeitada. Para iso cómpre fortalecer a estrutura existente (rede integrada, simulación avanzada, titorización acreditada e avaliación centralizada).
3. Valoramos e respectamos a colaboración con todos os profesionais e centros do sistema sanitario galego, como sempre se veu facendo. A USC non pechou nin pechará nunca a porta a que profesorado de áreas sanitarias alleas a Santiago participe na formación médica. Desexamos o mellor, e aos mellores, para o ben de Galicia.

A nosa aposta prioritaria segue a ser a dunha docencia baixo un modelo de xestión e avaliación unificado, que sitúe ao estudantado en igualdade de condicións. Co obxectivo de evitar a fragmentación da docencia de Medicina que suporía a implantación de novas titulacións, a Facultade de Medicina:

a) Propón seguir reforzando a estrutura existente, excelente, e que xa funciona, incorporando ao profesorado acreditado dos hospitais da comunidade á docencia médica, sen poñer en risco un modelo de éxito, eficiente e eficaz.

b) Advirte sobre os riscos dun acordo deseñado en termos alleos a unha lóxica académica; que debilita a calidade da formación e perxudica a excelencia docente que actualmente ostentan os estudos de Medicina, así como a posición destacada que Galicia ocupa no sector da saúde. Máximo tendo en conta que o ano que vén corresponde a reacreditación do título, e que a Facultade ten a intención de acadar o selo internacional de calidade para Medicina. Algunhas das deficiencias do acordo que necesariamente deben ser corrixidas son:

1. Definir de forma concreta o termo “unidade docente descentralizada” e describir as súas competencias sempre baixo a organización académica actual da USC.
2. Concretar as solucións técnicas e procedementos que aseguren a coordinación das distintas unidades docentes baixo a única responsabilidade da Facultade de Medicina e dos Departamentos da USC, para evitar que o modelo previsto poida xerar duplicidades encubertas de facultades sen garantías xurídicas e académicas, sen homoxeneidade curricular, e con grave prexuízo para a calidade formativa das egresadas e egresados.
3. Avaliar o impacto docente, asistencial, investigador e económico, así como a incidencia sobre a mobilidade e equidade do estudantado.
4. Incluir en forma de anexo unha memoria económica e de infraestruturas detallada que contemple o custo das medidas propostas, así como as súas fontes de financiamento a curto, medio e longo prazo.
5. Incluir en forma de anexo unha memoria cos requirimentos do persoal necesario, especialmente de profesorado, para atender as unidades docentes que se creen, así como unha planificación temporal para a súa contratación, sen que en ningún caso a contratación de profesores nas unidades docentes poida ir en detrimento do profesorado que actualmente imparte docencia en Compostela.
6. Modificar o calendario de implantación da docencia teórica nos cursos 2027-2028 e 2028-2029, dado que iniciar a docencia teórica no curso 2027-2028 ca docencia expositiva de 5º curso dun plan actualmente en extinción, resulta prematuro e non factible, con duplicidade de materias no curso 2028-2029 entre a docencia expositiva do 4º curso do plan novo e o 5º curso do plan en extinción. Neste senso, de levarse a cabo, consideremos que a descentralización da docencia expositiva de cuarto curso tería que ter lugar no curso 2029-2030 e a correspondente a quinto curso no 2030-2031, o que supón un mínimo retraso no calendario inicial pero garante, por un lado a non colisión do plan en extinción co novo nas unidades docentes descentralizadas, e por outro que

ningún estudante matriculado na actualidade tenha que ser descentralizado, situación que si afectaría aos estudantes de novo ingreso no Grao

7. Revisar a adscrición do profesorado das unidades docentes. O feito de que o 50% do profesorado que imparta docencia nas novas unidades docentes non teña vinculación coa USC é inédito nos graos oficiais impartidos polo Sistema Universitario público, e supón unha excepción que pon en risco a coherencia académica, o control de calidade e a supervisión efectiva dos contidos e avaliacións do programa formativo por parte da Facultade. Este desaxuste entre a docencia impartida e a autoridade académica efectiva pode provocar serios problemas na planificación, coordinación, avaliación e control de calidade.
8. Debe quedar inequivocamente establecido que todas as unidades descentralizadas estarán baixo a autoridade académica directa da Vicerreitoría competente e da Facultade de Medicina da USC, que conservarán a responsabilidade exclusiva sobre o deseño curricular, o control de calidade, a supervisión dos contidos, a coordinación docente e a avaliación académica de todo o estudantado do grao. En definitiva, debe manterse a integridade académica, investigadora e de xestión administrativa da Facultade de Medicina, sen que se condicione o seu crecemento ou planificación docente.
9. Incluir unha cláusula explícita que impida que estas unidades descentralizadas poidan derivar en futuras solicitudes para crear novas Facultades de Medicina en Galicia, sen avaliación externa, nin xustificación académica, nin sanitaria. Galicia non necesita máis facultades, senón reforzar a estrutura que xa funciona. A redacción actual do acordo, e en particular a súa última cláusula —*“Este acordo non condiciona nin substitúe as decisións que poidan corresponder no futuro ao Sistema Universitario de Galicia nin ás universidades galegas no exercicio das súas competencias”*— deixa aberta precisamente esa posibilidade, xerando inseguridade xurídica, académica e institucional. É imprescindible blindar o modelo para evitar unha fragmentación futura non desexada nin sustentada.
10. Eliminar a frase que finaliza os anexos: *“Antes do vencemento do convenio: novas propostas de descentralización”*.
11. Que non se realice unha descentralización forzada a estudantes que non o soliciten. É dicir, que nas promocións que xa teñen comezado os seus estudos en Santiago, só se envíen ás unidades docentes dos hospitais de Vigo e Coruña aos estudantes que así o soliciten.
12. Que se inclúa representación do estudantado na Comisión de Seguimento, con dereito a voz e voto. Este representante será un membro electo da Xunta de Facultade de Medicina e Odontoloxía.
13. Asegurar a non prexudicación a aqueles estudantes que teñan materias pendentes doutros cursos. Os estudantes queren deixar constancia de que

tomarán as medidas oportunas no caso de que as suas demandas non sexan atendidas.

A Xunta de Facultade de Medicina da USC reitera o seu compromiso co ben común, a formación de calidade e o sistema sanitario galego. **Consideramos que, na súa redacción e formulación actuais, o acordo non resulta axeitado, polos motivos aquí expostos, e require dunha revisión substancial antes de poder ser apoiado por esta Xunta de Facultade. A excepcionalidade deste modelo proposto pode crear un precedente grave que erosione a cohesión e a planificación do sistema universitario galego, fomentando modelos ad hoc, negociados á marxe de criterios académicos e científicos, con efectos regresivos para o conxunto da universidade pública en Galicia.** Estamos abertos a mellorar, a compartir, a integrar. Pero non a diluír, debilitar ou romper o que construímos entre todos durante xeracións. Galicia merece unha política universitaria serena, responsable e baseada na evidencia, por riba de intereses particulares. A nosa disposición é máxima a negociar, colaborar e propoñer melloras construtivas necesarias para seguir garantindo unha formación médica excelente e adaptada aos retos de Galicia e do sistema sanitario, contemplando as sensibilidades e intereses de todos os actores, sen poñer en risco un modelo de éxito, e sobre todo, tendo sempre como obxectivo a formación e a excelencia das futuras xeracións de médicos formados desde Galicia. Nese camiño han de atoparnos sempre. Pero tamén han de atoparnos firmes, unidos e vixiantes para protexer o futuro da medicina galega e da súa universidade pública.